



Vigo, 04 de Xuño de 2015

Estimado Sr/Sra:

Un ano máis, Cruz Vermella continúa ofrecendo **apoio ás familias de aqueles nenos e nenas que teñan dificultades para adquirir o material escolar ou inclusive os libros de texto**, complementando a beca da Xunta de Galicia naqueles casos que se precise.

Pregamos que se detectades esa necesidade nalgunha das familias dos vosos alumnos/as, informédelos da posibilidade de contactar connosco para a cobertura dos mesmos, indicando que **recolleremos as solicitudes na Cruz Vermella de Vigo (en dúas quendas:**

1. **do 01 ao 15 de Xullo para os que superen todas as materias e**
2. **do 1 ó 15 de Setembro, para os que teñan avaliacións pendentes**

A documentación imprescindible a presentar para facer a solicitude é a seguinte:

- Volante de empadronamento conxunto.
- Libro de familia.
- Fotocopia do DNI dos adultos.
- Última nómina.
- Certificados de ingresos de tódolos adultos de: SS SS, INEM e Xunta.
- Copia da solicitude de beca.
- Lista dos libros escolares.
- Lista de material escolar selada polo centro.

Facer fincapé en que Cruz Vermella só facilitará axudas de carácter material e non terá en conta as marcas específicas, polo que agradeceremos a vosa flexibilidade á hora da elaboración das listas no referente a estes aspectos.

Agradecemos de antemán a vosa colaboración e confiamos en que a través do traballo responsable de todos e todas poidamos mitigar as situacións de vulnerabilidade social que viven moitas destas familias.

Un saúdo

Fdo.



D. Domingo Santamarina Barreiro

Presidente Cruz Vermella Española en Vigo.